Expediente núm. 2023/E001/000002
2023/G003/001413

**DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO (EN FUNCIÓNS)**

ANTECEDENTES DE FEITO

O Concello das Pontes de García Rodríguez obtivo da Deputación da Coruña unha subvención para a contratación laboral temporal de seis (6) peóns/peoas ao abeiro do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña (PEL-CONCELLOS 2023).

Mediante providencia de data 28/03/2022 a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego dispuxo a iniciación do procedemento de selección do persoal encamiñado á contratación laboral do dito persoal.

A través do Decreto núm. 1096/2023, do 12 de maio, prestouse aprobación á súa convocatoria é as bases que a rexen.

A convocatoria e as súas bases reitoras publicáronse no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 94, do 19/05/2023.

O prazo de presentación de solicitudes rematou o 26/05/2023.

A lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas foi aprobada polo Decreto 1266/2023, do 31 de maio.

No procedemento obra a proposta de composición do tribunal formulada pola concelleira-delegada o 05/06/2023.

Así mesmo, no expediente consta informe favorable sobre a indicada compoisición do tribunal, emitido o 05/06/2023 polo técnico de administración xeral.

Durante o período concedido para o efecto catro das once persoas inicialmente excluídas emendaron as súas respectivas solicitudes, razón polo cal procede a súa inclusión na relación definitiva coa condición de admitidas.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 5 das da convocatoria, no que aquí interesa, sinala:

"Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditará resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/) e na páxina *web* municipal, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación,



FIRMADO POR Ana María Pena Purriños (FECHA: 14/06/2023 14:06:00) , Marina Núñez Orjales (FECHA: 14/06/2023 16:49:00)
Decreto Nº: 1398/2023 - Fecha de decreto: 14/06/2023
Versión imprimible
CVD: cSznH5mS+eWqAnBjHkyP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de **cinco (5) días hábiles** seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos da LPACAP. Na resolución identificaranse ás persoas aspirantes que achegaron o certificado acreditativo do nivel de galego requirido e que, polo tanto, están exentas de realizar a proba de coñecementos da lingua galega. De non existir persoas excluídas, non se concederá prazo de reclamacións e a lista provisional elevarase a definitiva.
As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a súa exclusión, xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, de ser o caso, por existiren persoas excluídas, a concelleira-delegada da Área declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do concello (taboleiro electrónico: https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/) e na páxina *web* municipal. Na citada resolución fixarase o lugar, data e hora de realización do primeiro exercicio. Tamén se designará o Tribunal que cualifique o proceso, nos termos especificados na base seguinte.

De non existir persoas excluídas, non se concederá prazo de reclamacións e a lista provisional elevarase a definitiva e nela fixarase o lugar, día e hora de realización do primeiro exercicio. Igualmente designaranse as persoas que integran o órgano de selección, tanto titulares como suplentes.

A publicación desta resolución no taboleiro electrónico e na páxina *web* iniciará o cómputo dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

Agás a convocatoria e as bases, que se publicarán no BOP, no taboleiro electrónico e na páxina *web*, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do taboleiro de anuncios (taboleiro electrónico: https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/) e da páxina *web* municipal.”

Pola súa vez, a base 6 trata do tribunal de selección.

Por todo o anterior, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Aprobar a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo encamiñado á contratación laboral temporal de seis (6) peóns/peoas, no maroo do Programa de axudas PEL-CONCELLOS 2023), nos seguintes termos:

a) Persoas aspirantes definitivamente **admitidas:**

| N.º | APELIDOS E NOME | DNI | CELGA 2 OU EQUIVALENTE |
|---|---|---|---|
| 1 | Añón Rodríguez, Manuel | ***3441** | NON |
| 2 | Baonza Suárez, Juan Carlos | ***5259** | SI |
| 3 | Basanta Requeijo, Domingo | ***4280** | NON |



FIRMADO POR Ana María Pena Purriños (FECHA: 14/06/2023 14:06:00) , Marina Núñez Orjales (FECHA: 14/06/2023 16:49:00)
Decreto Nº: 1398/2023 - Fecha de decreto: 14/06/2023
Versión imprimible
CVD: cSznH5mS+eWqAnBjHkyP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html

Ref.: JMCA

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4 | Blanco Pico, Dosinda | ***1640* | SI |
| 5 | Cal Chao, Plácido | ***3825** | NON |
| 6 | Cao Gómez, Abel | ***0335** | NON |
| 7 | Cifuentes Carballeira, Anneris | ***2354** | SI |
| 8 | Da Silva Pacheco, Alfredo Dinis | ***7163** | NON |
| 9 | De Souza Peixoto, José Manuel Florencio | ***4542** | NON |
| 10 | Fachal Pena, Catherine | ***3982** | SI |
| 11 | Feal Allegue, José Manuel | ***0759** | NON |
| 12 | Fernandes Felpeto, Alejandra | ***4651** | SI |
| 13 | Fernández Fernández, Manuel | ***4741** | NON |
| 14 | Fernández Rivera, Carlos | ***4417** | SI |
| 15 | Formoso Barro, Artemio Segundo | ***1121** | SI |
| 16 | García-Valenciano Matos, Vanessa | ***3108** | SI |
| 17 | Guerreiro Barro, Verónica | ***9961** | SI |
| 18 | López Galego, José Manuel | ***6506** | SI |
| 19 | Maceiras Arnoso, Carlos Javier | ***0296** | SI |
| 20 | Montero Dopico, María Belén | ***8534** | SI |
| 21 | Parapar Rey, Gerardo | ***0996** | NON |
| 22 | Pardo Rouco, Junior | ***4379** | SI |
| 23 | Pérez Díaz, María Isabel | ***0610** | NON |
| 24 | Prieto Franco, María Carmen | ***0995** | SI |
| 25 | Prieto Ramil, José | ***0846** | NON |
| 26 | Rego Trastoy, Antonio Miguel | ***1782** | SI |
| 27 | Rivera Piñón, Juan Manuel | ***6896** | SI |
| 28 | Rochela Bogo, Patricia | ***3403** | SI |
| 29 | Rodríguez Freire, Antonia Lucía | ***1005** | SI |



FIRMADO POR Ana María Pena Purriños (FECHA: 14/06/2023 14:06:00) , Marina Núñez Orjales (FECHA: 14/06/2023 16:49:00)
Decreto Nº: 1398/2023 - Fecha de decreto: 14/06/2023
Versión imprimible
CVD: cSznH5mS+eWqAnBjHkyP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| 30 | Silva Patricio, Gardenia Patricia | ***7593** | NON |
| 31 | Tojeiro Pita, David | ***0857** | NON |

b) Persoas aspirantes definitivamente **excluídas:**

| N.º | APELIDOS E NOME | DNI | CELGA 2 OU EQUIVALENTE | CAUSAS DE EXCLUSIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Cabanas Ramos, M.ª Remedios | ***6932** | SI | 2 |
| 2 | Díaz Currás, Iván | ***4634** | NON | 1 |
| 3 | Dopico Caaveiro, Samuel | ***1908** | SI | 1 |
| 4 | El Aadnany, Khadija | ***8275** | NON | 2 |
| 5 | Fernández Castro, Óscar | ***1675** | SI | 1 |
| 6 | López Valiña, Noé | ***1416** | SI | 1 |
| 7 | Pico Fernández, Iván | ***4415** | NON | 3 |

CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

(1) Non aporta acreditación de estar en situación de exclusión social segundo a cláusula 4.i)
(2) Non aporta a tarxeta de inscrición no Servizo Público de Emprego
(3) O grao de discapacidade aportado é inferior ao 33 por cento
(4) Non aporta a tarxeta de inscrición no Servizo Público de Emprego actualizada
(5) Non aporta o DNI ou documento de identificación de estranxeiro/a

As persoas aspirantes que achegaron o Celga 2 ou equivalente, ou superior, segundo se reflicte na anterior relación, están exentas de realizar a proba de lingua galega a que se refire a base específica núm. 7.3 das reitoras da convocatoria.

2. O feito de figurar na relación definitiva de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, nos termos das bases, se se comproba que non posúen algún ou algúns dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivarse da súa participación no proceso selectivo.

**2. Designar** as seguintes persoas, todas ellas persoal funcionario de carreira ou laboral fixo deste concello, para integrar o **órgano de selección** (tribunal) na condición que en cada caso se indica:



FIRMADO POR Ana María Pena Purriños (FECHA: 14/06/2023 14:06:00) , Marina Núñez Orjales (FECHA: 14/06/2023 16:49:00)
Decreto Nº: 1398/2023 - Fecha de decreto: 14/06/2023
Versión imprimible
CVD: cSznH5mS+eWqAnBjHkyP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**- Presidencia:**

. Titular: José Cabaleiro Franco, funcionario da escala de administación especial
. Suplente: José Sanjurjo Paz, funcionario da escala de administración especial

**- Secretaría:**

. Titular: Ana Isabel Caaveiro Franco, funcionaria da escala de administración xeral
. Suplente: Marina Seco Paz, funcionaria da escala de administración xeral

**- Vogalías:**

1ª):

. Titular: José Ramón Domínguez Fernández, funcionario da escala de administración especial
. Suplente: Otilia Pena Penabad, persoal laboral fixo

2ª):

. Titular: Ángeles Pérez Paz, persoal laboral fixo

. Suplente: María Isabel Carballo Rivera, persoal laboral fixo

3ª):

. Titular: Richard González Alonso, policía local

. Suplente: Anselmo Pellón Augusto, oficial-xefe da Policía Local

**- Asesora para a proba de galego** (de ser o caso):

. María Flora Vázquez Alonso, oficial administrativa e de asesoramento lingüístico do Concello das Pontes de García Rodríguez

**3.** Fixar o **lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización do primeiro exercicio dos da fase de oposición,** nos seguintes termos:

a) Día: **xoves, 22** de **xuño** de **2023**

b) Lugar: **Nave Municipal situada no Polígono Industrial dos Airíos**

c) Constitución do tribunal: **09:00 horas.**

d) Realización do exercicio da fase de oposición (obrigatorio e eliminatorio): **09:15 horas**

e) **Convocar** as persoas integrantes do **tribunal** para a constitución do dito órgano no lugar, data e



FIRMADO POR Ana María Pena Purriños (FECHA: 14/06/2023 14:06:00) , Marina Núñez Orjales (FECHA: 14/06/2023 16:49:00)
Decreto Nº: 1398/2023 - Fecha de decreto: 14/06/2023
Versión imprimible
CVD: cSznH5mS+eWqAnBjHkyP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

hora sinalados.

f) **Convocar** as persoas aspirantes para a realización do exercicio da fase de oposición (obrigtorio e eliminatorio) no lugar, día e hora indicados anteriormente.

g) As persoas aspirantes deberán levar o documento de identificación (**DNI** ou pasaporte ou NIE).

4. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello (https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/) e na páxina *web* municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego (en funcións)

Ana María Pena Purriños

FIRMADO POR Ana María Pena Purriños (FECHA: 14/06/2023 14:06:00) , Marina Núñez Orjales (FECHA: 14/06/2023 16:49:00)
Decreto Nº: 1398/2023 - Fecha de decreto: 14/06/2023
Versión imprimible
CVD: cSznH5mS+eWqAnBjHkyP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana María Pena Purriños (FECHA: 14/06/2023 14:06:00) , Marina Núñez Orjales (FECHA: 14/06/2023 16:49:00)
Decreto Nº: 1398/2023 - Fecha de decreto: 14/06/2023
Versión imprimible
CVD: cSznH5mS+eWqAnBjHkyP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.